



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



OPEN AUTONÓMICO AUGA DOCE XIV TROFEO SAN FROILÁN CLUB FLUVIAL RIO MIÑO - LUGO 12-OUTUBRO-2018

Este Open está convocado pola Federación Galega de Pesca e Casting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en Lugo, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

Lugar de concentración:

A concentración dos participantes terá lugar no **Club fluvial do río Miño** (Lugo) ás 10,00 horas do día 12-10-2018.

BASES

A Competición desenvolverase nas seguintes categorías:

- BENXAMÍN**: Ata os 11 anos, cumpridos no ano da competición.
- INFANTÍS**: Máis de 11 anos e ata os 14 anos, cumpridos no ano da competición.
- XUVENÍS**: Máis de 14 anos e ata os 18, cumpridos no ano da competición.

MATERIAL DEPORTIVO.

- 1. Canas.** O participante deberá ter unha soa cana en acción de pesca, calquera que sexa o Estilo ou Modo de execución practicado, podendo dispoñer como reserva, montadas ou non, de cantas canas considere oportuno.
- 2. Carretes.** De uso opcional xa sexa manual ou automático, de bobina fixa ou xiratoria
- 3. Liñas.** De libre composición e sistema de unión.
- 4. Baixos de Liña.** O aparello de pesca autorizado deberá levar obrigatoriamente un só flotador e estar provisto de un anzol simple dunha soa punta (con o sin arponcillo) suxeito a un terminal ou directamente á liña.

CEBOS. Os cebos serán suministrados aos participantes pola Organización.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Todos os participantes deben estar en posesión da correspondente licenza federativa e da licenza galega de pesca fluvial en vigor.

O non previsto nestas normas rexerase polo Regulamento de Competición da Federación Española de Pesca y Cásting, e medidas que se establezan na reunión de Delegados e polo propio Xurado da Competición.

A fin de garantir a seguridade dos menores, na categoría benxamín, poderá esixirse a presenza de algún familiar do participante durante o tempo que dure a competición.

A organización adoptará as medidas que salvagarden a responsabilidade non deportiva dos Organizadores, en particular esixírase autorización por escrito dos pais ou representantes legais dos participantes.

Art. 25.5 do Regulamento de competicións. Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

As inscricións faranse nas Delegacións Provinciais da F.G.P. A data límite de inscrición é o Luns 8 de Outubro de 2018.

PROGRAMA

10:00 horas	Concentración dos participantes. Sorteo de dorsais e entrega de documentación.
10:25 “	Entrada nos postos.
10:30 “	Inicio da competición.
11:45 “	Cambio de postos.
13:00 “	Fin da competición.
13:30 “	Entrega de premios.
14:00 “	Xantar e clausura da competición.

Asdo. José Manuel Fernández Rodríguez
Presidente do Comité de Auga Doce da FGP